



O carro



Non canta na Cha ninguén.

Por eso o meu carro canta.

Canta o seu eixo tan ben

que a señoardade me espanta.

Non hai carro tan fermoso:

fino como un asubío.

Anque é, ás vegadas, saudoso,

faise, no ar, rechouchío.

O meu carro é cerna dura:

sábese carballo e freixo.

¡Qué fermosa a súa feitura!

¡Qué lixeireza a do eixo!

As cousas vanse aledando

por onde o meu carro pasa.

¡Carrétame herba pró gando!

¡Traime a colleita a do eixo!

-Recita o poema.

-Procura no dicionario da RAG as seguintes palabras:

Señoardade.-

Saudoso.-

Ar.-

Rechouchío.-

Cerna.-

Aledar.-

-A palabra **vegadas** é un arcaísmo. Infórmate na web sobre que son os arcaísmos. Que palabra deberíamos poñer en vez desta?

-Cantos versos ten?

E cantas estrofas?

-Indica a métrica e a rima da primeira estrofa.


-No poema aparecen o nome de dúas árbores. Cales?

Di si son de folla perenne ou caediza.

-Atopa as palabras do texto que están en galego non normativo e di a súa forma correcta.

Mira o vídeo titulado “O carro e o home”, feito por Xaquín Lorenzo Xocas e Antonio Román.

Aprende o nome das partes do carro que aparecen abaixo.



Busca no dicionario RAG o significado dunha parte que non aparece no debuxo: **canizo**. Pon o nome ás partes do carro e debúxalle os canizos, canizas ou ladrais. Pinta.

